

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Nesta epígrafe imos centrarnos nas cuestións referidas á materia de Portugués 2º ESO como 2ª lingua estranxeira, xa que as características do centro, recursos e marco normativo xa están especificados nesta mesma epígrafe das programacións do Departamento de Lingua Galega, departamento ao que pertence esta materia. Deixamos unhas notas que sempre deben estar presentes:

- Aínda que a maioría do alumnado é nacido en Galicia, cada vez máis aumenta a súa diversidade social, cultural e lingüística. E isto afecta ao diferente nivel de coñecemento da lingua galega que pode servir en principio de base para afrontar a aprendizaxe do portugués.
- Descenso moi pronunciado no uso do galego na xeración do noso alumnado.
- Profesorado dinámico que participa en diversos proxectos e grupos de traballo.
- Equipo directivo colaborador e facilitador do desenvolvemento de proxectos e actividades.
- Equipo de biblioteca e Equipo de Dimanización da Lingua Galega moi activos.
- ANPA activa e participativa.

CONTEXTUALIZACIÓN: A OPTATIVA DE PORTUGUÉS NO CENTRO

A oferta do Portugués como 2ª lingua estranxeira partiu dunha proposta do Departamento de Lingua Galega presentada en CCP e ao Claustro no curso 2019-2020. O feito de chegar como definitiva ao centro unha profesora coa dobre especialidade abriu a posibilidade de ampliar a oferta educativa do instituto en canto ás linguas estranxeiras.

Tendo en conta o achegamento da lingua portuguesa á galega e observando o forte descenso no uso e nas competencias oral e escrita de parte do alumnado na lingua galega, vimos conveniente a apertura dunha materia de libre configuración e presentamos desde o Departamento de Lingua Galega un documento que se entregou á Dirección e que se resumiu no claustro. Alí foi aprobado polo claustro e desde hai catro cursos académicos ofértase esta lingua como 2ª lingua estranxeira.

Desde ese curso comezamos co ensino do portugués no IES Monte das Moas. Formouse un grupo de 1º ESO e o acordo con Inspección era ir aumentando a súa oferta gradualmente se o alumnado escollíaa materia. Desde aquel curso foi aumentando gradualmente e hoxe temos 1 grupo en cada nivel da ESO.

Neste ano lectivo a organización dos grupos é a seguinte:

1º ESO: 1 grupo (20 alumnos/as)

2º ESO: 1 grupo (24 alumnos/as)

3º ESO: 1 grupo (23 alumnos/as)

4º ESO: 1 grupo (15 alumnos/as)

En canto ao alumnado que temos en 2º, 3º e 4º hai que aclarar que se xuntou alumnado que cursou portugués por primeira vez o ano pasado, con outro que a cursara hai dous anos en 1º ESO e con alumnado que escolle a materia por primeira vez, polo que a programación se ten que adaptar ás circunstancias.

A competencia comunicativa de boa parte do alumnado que se anotou á materia é bastante alta de partida, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático. No centro hai alumnado que naceu aquí e que comparte un ámbito sociolingüístico moi similar; algún outro que chega de Brasil ou de Portugal e que fala portugués perfectamente, polo que a súa competencia é moi alta; tamén alumnado xa nacido aquí pero de ascendencia brasileira ou portuguesa e que ten esta como lingua materna, polo que ten competencias na comprensión e expresión oral moi altas pero por veces baixas no nivel escrito. Por último está o alumnado non nacido en Galicia que, maioritariamente procede de países hispanofalantes e que, na maioría dos casos ten serias dificultades coa lingua galega, polo que o achegamento ao portugués é realmente o dunha lingua estranxeira.

Para os primeiros, o nivel alto na competencia lingüística débese á enorme proximidade entre galego e portugués, en case todos os apartados que entran dentro dela: ortográfica, gramatical, lexical, semántica e fonolóxica. Está claro que deben salvar diferenzas no ámbito fonolóxico e tamén ortográfico, gramatical e lexical, pero nada teñen que ver coas dificultades que poden presentar alumnos e alumnas que poden acceder ao portugués desde unha lingua non románica, ou mesmo sendo románica que sexa diferente do galego.

O alumnado galego, e con competencia suficiente en LGL, que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples desde o primeiro día e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.

COLABORACIÓNS

Como esta materia pertence ao departamento de LGL, establécese unha colaboración constante co profesorado que imparte esta materia, así como co EDLG e a biblioteca.

Estase tentando a colaboración para intercambio dixital con centros de ensino de secundaria de Portugal. Se se consegue a través de EduExchanges e se non é así, a través de contactos particulares con profesorado luso.

Para finalizar queremos deixar constancia de que o alumnado do noso centro é de nivel socioeconómico e cultural

moi diverso. Temos alumnado que estivo en Portugal nunha ou máis ocasións, mentres que outro nunca tivo a oportunidade de entrar en contacto co país luso. Hai alumnado que vén de Brasil, pero tampouco estivo nunca en Portugal e normalmente ten unha situación socioeconómica baixa. Polo tanto tentaremos organizar saídas ao país veciño que sexan asequibles para toda a rapazada.

Esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PERCURSOS POR CIDADES E BAIROS. PLANOS E PREVISÕES NO FUTURO	<p>Revisão de contidos vistos no ano anterior:</p> <p>Países e nacionalidades Verbos ser, estar e ter em presente Artigos e preposições Locuções prepositivas de lugar As horas Expressão de preferências Estar a + verbo Verbos estar e ficar para situar no espaço Rotinas diárias</p> <p>Percursos por cidade e bairros:</p> <p>Pedir e dar informações sobre percursos Falar sobre a cidade e o bairro. Vocabulário dos serviços, comércio, percursos, transportes, nomes de rua, avenidas e monumentos Ir a/ir para Contração das preposições a, em, de e por Preposições de movimento para /por e a diferença entre elas Verbos de movimento no Presente de Indicativo Verbos + preposições e locuções prepositivas.</p> <p>Planos e previsões no futuro Falar de ações no futuro próximo Exprimir intencões Fazer planos e previsões Léxico relacionado com intencões, planos e previsões Futuro próximo (ir + infinitivo) Expressões de tempo Futuro imperfeito do Indicativo</p>	30	27	X		
2	AS COMPRAS. OS RESTAURANTES. DESPORTOS E ESPETÁCULOS	<p>Previsões sobre o estado do tempo. Dar conselhos, sugestões e instruções. Vocabulário das compras e das lojas Demonstrativos associados aos advérbios de lugar: aqui, aí, alí. Modo imperativo.</p> <p>Compreender uma ementa. Reconhecer tipos de restaurantes.</p>	30	23		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	AS COMPRAS. OS RESTAURANTES. DESPORTOS E ESPETÁCULOS	<p>Fazer pedidos. Dar e pedir informacións. Pedir e dar unha opinión. Convidar e sugerir. Aceitar ou recusar un convite. Vocabulario de comidas, bebidas, lojas, restaurantes, ementas, embalagens, loiça. Fórmulas opinativas. Fórmulas de cortesia. Verbos opinativos.</p> <p>Falar do corpo humano. Descrever estados físicos. Falar de deportes, actividades de lazer, equipamentos. Falar dos tempos livres. Dar justificacións. Fazer comparacións. Léxico e expresións sobre o corpo humano. Estados físicos. Nomes de deportes, equipamentos deportivos, actividades de lazer e espectáculos. Conectores discursivos de causa. Graus dos adxetivos.</p>	30	23		X	
3	BIOGRAFÍAS E VIAGENS	<p>Falar de accións pasadas puntuais ou recentes. Narrar e relatar acontecementos pasados. Situacións accións pasadas no tempo. Relacionar momentos do pasado. Redigir unha biografía. Léxico relacionado con as viaxens e férias. Datos biográficos. Pretérito Perfeito Simple do Indicativo (verbos regulares e irregulares). Advérbios e expresións de tempo. Advérbios e locucións adverbiais de tempo (já, nunca, aínda non). Acabar de + infinitivo.</p> <p>Descrever accións habituais do pasado. Relembrar épocas pasadas. Comparar hábitos do pasado con hábitos do presente. Fazer descrições no pasado. Pretérito Imperfeito de Indicativo (verbos regulares e irregulares). Advérbios e expresións de tempo. Pronomes persoais con función de complemento directo e indirecto.</p> <p>Descrever e narrar situacións. Retratar e caracterizar persoas, espazos e obxectos. Léxico no ámbito da descrición e narración.</p>	40	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	BIOGRAFIAS E VIAGENS	Pretérito Imperfeito do Indicativo. Usos. Estar (pretérito imperfecto) +a + infinitivo.	40	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PERCURSOS POR CIDADES E BAIROS. PLANOS E PREVISÕES NO FUTURO	27

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Comprende o sentido global de textos orais e escritos breves e elementais sobre temas cotiáns próximos á súa experiencia, expresados en lingua estándar.	PE	25
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos moi elementais sobre aspectos persoais e do ámbito do barrio e da cidade cunha presentación adecuada e minimamente intelixibles en portugués.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica coñecementos e estratexias básicas para producir textos (planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) segundo o aprendido na clase.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		
		TI	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Resolve a comprensión mínima dunha información esencial en diferentes soportes con axudas verbais e non verbais no día a día na aula.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende a información básica de textos orais e escritos sobre cuestións persoais e do ámbito escolar tendo posibilidade de ler e escoitar varias veces.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce oralmente textos curtos moi elementais e intelixibles, aínda que poida ter erros de pronuncia, a partir de modelos sinxelos sobre aspectos do barrio e da cidade.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica sobre o lugar no que habita, en soporte impreso.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Le de xeito intelixible, mesmo comentando algúns erros de pronuncia, un texto adecuado ao nivel e aos temas estudados e tendo como modelo unha gravación.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Participa en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, sobre o lugar no que habita.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactúa de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Comprende preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando diferentes tipos de recursos e apoios.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Repara nas similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza de forma autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con diferentes apoios.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, reparando nos aspectos a mellorar e compartíndoos con outros participantes.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosa interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia,

Contidos

- inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	AS COMPRAS. OS RESTAURANTES. DESPORTOS E ESPETÁCULOS	23

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Comprende o sentido global de textos orais e escritos breves e elementais sobre temas cotiáns próximos á súa experiencia, expresados en lingua estándar.	PE	25
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende a información básica de textos orais e escritos sobre aspectos das compras, restaurantes e deportes, tendo posibilidade de ler e escoitar varias veces.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos moi elementais sobre compras, restaurantes e deportes. Todo isto cunha presentación adecuada e intelixible en portugués.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica coñecementos e estratexias básicas para producir textos (planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) segundo o aprendido na clase.	TI	75
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Resolve a comprensión mínima dunha información esencial en diferentes soportes con axudas verbais e non verbais no día a día na aula.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Produce oralmente textos curtos moi elementais e intelixibles, aínda que poida ter erros de pronuncia, a partir de modelos sinxelos sobre aspectos das compras, restaurantes e deportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Le de xeito intelixible, mesmo comentendo algúns erros de pronuncia, un texto adecuado ao nivel e aos temas estudados e tendo como modelo unha gravación.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Participa en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando gustos, facendo invitacións para ir ás compras ou a un restaurante ou espectáculo cultural ou deportivo.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactúa de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e formulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmítelles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando diferentes tipos de recursos e apoios segundo as necesidades de cada momento.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Repara nas similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza de forma autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con diferentes apoios.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Resolve exercicios simples sobre nocións gramaticais, léxicas e ortográficas. Aproveita o coñecemento da lingua galega e as coincidencias morfolóxicas, léxicas e ortográficas para aprender a nova lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, reparando nos aspectos a mellorar e compartíndoos con outros participantes.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal e amosa interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas

Contidos

- vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	BIOGRAFÍAS E VIAGENS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Comprende o sentido global de textos orais e escritos breves e elementais sobre temas cotiáns próximos á súa experiencia, expresados en lingua estándar.	PE	25
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprende a información básica de textos orais e escritos sobre viaxes e biografías, así como de textos sobre aspectos prácticos da vida diaria (interaccións nas compras en supermercados, tendas de roupa, etc), tendo posibilidade de ler e escoitar varias veces.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redacta textos curtos moi elementais sobre o aspecto físico, a vestimenta, e realización de compras moi básicas para as viaxes (en supermercados, farmacias, tendas de roupa....)		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica coñecementos e estratexias básicas para producir textos (planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) segundo o aprendido na clase.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Utiliza estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Resolve a comprensión mínima dunha información esencial en diferentes soportes con axudas verbais e non verbais no día a día na aula.	TI	75
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Participa nas actividades orais das clases e demostra e utiliza correctamente os coñecementos aprendidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Produce oralmente textos curtos moi elementais e intelixibles, aínda que poida ter erros de pronuncia, a partir de modelos sinxelos que mostran que sabe interactuar nas viaxes.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Participa en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactúa de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e formulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmítelles a terceiras persoas información moi simple e previsible de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando diferentes tipos de recursos e apoios.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Repara nas similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza de forma autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con diferentes apoios.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, reparando nos aspectos a mellorar e compartíndoos con outros participantes.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explica o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñece estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala o portugués e amosa interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.

Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De partida, contamos con que a maioría do alumnado teña unha competencia comunicativa media, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático, xa que se comparte un ámbito sociolingüístico moi similar.

Dunha parte, o nivel na competencia lingüística débese á enorme proximidade entre galego e portugués, en case todos os apartados que entran dentro dela: ortográfica, gramatical, lexical, semántica e fonolóxica. Está claro que o alumnado con boa competencia en lingua galega debe salvar diferenzas no ámbito fonolóxico e tamén ortográfico, gramatical e lexical, pero nada teñen que ver coas dificultades que poden presentar alumnos e alumnas que poden acceder ao portugués dende unha lingua non románica, ou mesmo sendo románica que sexa diferente do galego.

O alumnado que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples dende o primeiro día, e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.

Ademais contamos con alumnado cuxa lingua materna é o portugués, xa que proceden de familias con orixe brasileira ou portuguesa ou son portugueses ou brasileiros directamente.

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Nesta materia, aínda que é a primeira vez que a cursan, aplícase o principio básico de organización e tratamento de contidos baseado en que o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e ademais quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia.

Nas diferentes unidades didácticas intégranse contidos dos diferentes bloques e polo tanto, en cada unha delas vanse aplicar diferentes metodoloxías que van desde as exposicións e explicacións máis tradicionais e necesarias para facer comprender determinados contidos, a outras máis indagatorias e dedutivas para que o alumnado acade coñecementos, pasando por aquelas máis activas e participativas en actividades de produción tanto oral como escrita.

O profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas. Integraranse na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.
- Vincular os contidos a contextos reais e aplicar os conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender, segundo a cal a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso, correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común entre o profesorado da materia de Portugués e o resto dos membros do departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa. E xa ideal sería traballar no TIL e traballarmos todos os departamentos de linguas no tratamento integrado de linguas, mais mentres non se avanza neste aspecto, polo menos tentaremos que todo o departamento vaia na mesma liña.

LIÑAS METODOLÓXICAS

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Por tanto, analizaranse e comentaranse todos os contidos lingüísticos teóricos que permitan mellorar na práctica a devandita competencia, e realizaranse actividades encamiñadas a conseguir uns contidos que teñan relación e influencia directa no uso real da lingua. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Portugués tratará de ser o máis activa posible, para mellorar os vínculos entre o alumnado e mesmo que favoreza as relacións interculturais, por suposto incluíndo na mesma liña a ensino por competencias. Tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado de cada grupo vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión para ter en conta é o traballo da oralidade, pois como esta materia ten relación directa coa de Lingua Galega e Literatura e consideramos que ten que servir tamén como apoio para ela, cómpre reforzar a oralidade tamén en Portugués para que lle poida servir de axuda a uns rapaces e rapazas para os que a lingua galega queda relegada a unha práctica ritual forzada nas aulas, case exclusivamente de galego. Así, tanto cuestións fonéticas coincidentes, como o léxico ou elementos da morfosintaxe que son coincidentes explícanse baixo o paraguas dun tratamento integrado das linguas, sinalando tamén sempre aquilo que é diferente e que pode ser un falso amigo entre o galego e o portugués.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

-Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, na prevención das dificultades de aprendizaxe, con tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-Potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a

intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinar e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Na crista da onda 2 de Ana Maria Bayan Ferreira e Helena José Bayan en 1º ESO da LIDL Editora.
Aula Virtual para completar cada unha das unidades didácticas
Diccionario on-line Priberam (diccionario.priberam.org/)
Diccionario on-line editorial Porto Editora (https://www.infopedia.pt/)
Bernal, Diego et alii (2019). Dicionário Visual Através. Santiago: Agal

Empregaranse, na medida do posíbel, os seguintes materiais e recursos didácticos:

1. Material extraído de diferentes libros de texto ou material escrito para apoiar as explicacións teóricas ou as prácticas de redacción e expresión oral.
2. Aula Virtual para completar cada unha das unidades didácticas. Desde ela tamén se pode acceder a outros recursos como dicionarios dixitais, correctores ortográficos, ademais doutros materiais e tarefas que completarán cada unidade.
3. Materiais de audio para potenciar a comprensión de textos orais (CD, arquivos de mp3/4...)
4. Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión da oralidade e a competencia sociocultural. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen subtítulos.
 - a. Acudiremos moito a vídeos musicados albergados en ferramentas online: youtube, vimeo, outras aplicacións interactivas.
 - b. Algunhas series de debuxos animados ou filmes adaptados ao nivel e apoiados con subtítulos.
 - c. Filmes que se poidan descargar na rede.
 - d. Filmes en DVD que temos a nivel particular ou na biblioteca do centro.
5. Textos literarios: contos, banda deseñada, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís tanto en soporte físico como dixital (incluído os pdf).
6. Páxinas web nas que haxa textos de carácter xeral ou máis específico adaptados as diferentes temáticas que se aborden, ademais daquelas relacionadas con temas de interese para o alumnado.
7. Revistas ou folletos de diferentes temáticas (cociña, deportes...) para que lean textos apoiados de imaxes.
8. Fotocopias de textos reais ou inventados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...
9. Actividades con exercicios específicos, en papel ou formato dixital, para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.
10. Xogos de temática lingüística e cultural que se atopan na rede.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial deseñouse en 2º ESO como unha aproximación ao portugués desde o punto de vista escrito e oral. Avaliamos non só a capacidade sesquilingüe do alumnado, para ver como, a partir do galego, comprenden o portugués.

Tamén comprobamos as destrezas lingüísticas que traen adquiridas, a capacidade de expresión a nivel global, a limpeza dos textos, a caligrafía...

Coa avaliación inicial tamén queremos detectar casos de baixo rendemento e sérvenos incluso para organizar mellor o alumnado na aula e máis para ir organizando os grupos de cara a realizar algunhas tarefas colaborativas.

Na primeira semana do curso realizaranse actividades de comprensión oral e escrita adaptadas ao nivel, ademais de cuestionarios sobre distintos aspectos da lingua e da cultura dos pobos lusófonos.

En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso.

Na avaliación inicial detectaranse os problemas, as dificultades, o nivel de coñecementos, de forma que sexa posíbel reorientar a aprendizaxe en orde a superar as deficiencias.

Esta proba de avaliación inicial terá a seguinte estrutura:

- Comprensión escrita. Cuestións relacionadas.
- Comprensión oral. Cuestións relacionadas.
- Cuestións sobre gramática, fundamentalmente sobre morfoloxía e fonoloxía.
- Cuestións socio-culturais sobre os pobos lusófonos.

A partir desta proba, poderemos ver o nivel do alumnado nas destrezas de comprensión oral e escrita. As outras dúas destrezas, expresión oral e escrita, irémolas observando xa dende o inicio do curso. Segundo cales sexan as máis deficitarias, reorientarase o desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posíbeis problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factíbeis dentro da organización docente do centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	25	25	25	25
Táboa de indicadores	75	75	75	75

Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado tal e como está na programación con Probas avaliábeis escritas e orais, así como polo rexistro do seu Traballo diario ou tarefas propostas recollido en Táboas de Indicadores.

Resumo dos CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN de cada avaliación:

- a) Proba(s) escrita (s) (40% da nota total). Serve para avaliar os contidos referidos á comprensión oral e escrita e á produción escrita.
- b) Produción oral (10% da nota). Avalíase a oralidade, sobre todo a fonética e as destreza referidas á exposición oral. Empregaranse táboas de indicadores.
- c) Tarefas propostas na aula ou a través da aula virtual. Serán 3 (30% da nota). Avalíanse a nivel competencial as secuencias didácticas vistas en cada trimestre. Marioritariamente van ser tarefas realizadas na aula ou ben gravadas ben de audio, ben de vídeo e vanse puntuar mediante táboas de indicadores.
- d) Traballo diario e participación activa na aula (20% da nota) que se avaliarán mediante listas de control diarias (táboas de indicadores).

Notas extra:

Lecturas voluntarias: desde 0,2 a 0,75 puntos por lectura positivamente avaliada (ata 1 punto por

avaliación). Avaliarase positivamente a participación nun club de lectura en lingua portuguesa.

Proxectos: ata 1 punto.

Non existen recuperacións para cada avaliación, exceptuando para o alumnado que non puido acadar resultados por non seguir o normal funcionamento das aulas debido a enfermidade ou outra causa de forza maior.

Só se poderá recuperar a materia na modalidade de avaliación continua.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido, así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nos niveis de debutante a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

- A comprensión oral avaliarase con probas de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes e identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.

- A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interaccións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora e pode pedírselles que graven algún audio ou vídeo. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo aos obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación e a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente. Estes datos serán rexistrados ou incluídos dentro das probas, e servirán como ficheiro de datos durante o curso para recoller a progresión do alumnado en cada unha das destrezas.

- A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: lectura de diferentes textos, descubrir erros, completar imaxes con texto, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos etc.

- A expresión escrita avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos, postais, etc), adecuados a cada nivel.

- A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocios, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc,

Criterios de recuperación:

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación. Nese sentido, o alumnado que teña a materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, segundo os criterios anteriormente indicados, poderá realizar antes da avaliación final ordinaria unha proba (escrita, pero que poderá contar cunha parte oral se así se considerase oportuno por parte do profesor/a) relativa aos contidos da totalidade da materia e do conxunto do traballado durante o curso. A este alumnado a nota final calcularáselle realizando a media da cualificación desta proba e a da media ponderada das tres avaliacións do curso (en todo caso, se a cualificación desta proba final fose de 5 puntos ou superior, aínda que a media indicada fose inferior aos 5 puntos a nota final outorgada será de 5 puntos). Se a media desta proba e a da media ponderada das tres avaliacións do curso fose inferior á da media ponderada das tres avaliacións do curso, manteráselle esta última cualificación (é dicir, a cualificación máis alta).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste nivel este curso non hai pendentes xa que todo o alumnado que cursou Portugués en 1º ESO conseguiu aprobar a materia ou abandonou o centro. De todos modos deixamos xa indicadas as consideracións que manexaremos para a recuperación das pendentes en vindeiros cursos.

Aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dun dos dous procedementos seguintes, que non son excluíntes:

1. Mediante unha avaliación continuada que realizará o profesorado que imparta a materia no curso e grupo ao que estea asignado o alumno/a. Cada profesor ou profesora entregalle ao alumnado que teña coa materia pendente, nos grupos en que imparte docencia, material de traballo para preparar as posteriores probas de control, tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel. Este material estará dividido en dúas partes. O alumnado realizará este traballo, que

será supervisado periodicamente polo profesor/a do seu grupo e entregado a este/a, para a súa supervisión e corrección, nas datas límite que se establezan cada curso académico para cada unha das dúas partes; finalmente o profesor/a faralle ao alumno/a unha proba de control de cada unha das partes (aproximadamente nos meses de xaneiro e de abril, respectivamente). Se non se fixo entrega en prazo de cada un dos dous bloques de actividades, e correctamente realizadas a xuízo do profesor/a responsable, enténdese que o alumno/a renuncia a preparar a materia pendente por esta vía e non terá por tanto opción de realizar a proba de control correspondente. Do mesmo xeito, se non se realiza o primeiro bloque ou a súa proba de control, non se terá opción de realizar tampouco o segundo bloque nin a súa respectiva proba de control. O profesorado outorgará unha cualificación, de 0 a 10, a cada unha das probas de control correspondentes a cadanseu bloque de traballo. A nota media das dúas probas para considerar a materia superada será de 5 puntos. A devandita cualificación, se existe, seralle comunicada á xefatura de departamento para que conste na acta de avaliación correspondente. Aquel alumnado que supere a materia por esta vía non terá que presentarse á proba final que se explica no punto seguinte.

2. En caso de non aprobar a materia pola anterior vía, ou de renunciar a facer uso dela ou dalgunha das súas partes, o alumnado poderá realizar as correspondentes probas finais ordinarias únicas establecidas legalmente. A eses efectos, antes do 31 de maio, o profesorado con alumnado pendente ao seu cargo comunicaranlle á xefatura de departamento as cualificacións correspondentes, coa finalidade de comprobar qué alumnado deberá realizar a proba final e cal non por ter a materia aprobada pola vía anteriormente explicada. No que se refire aos contidos, criterios de avaliación etc., de cada nivel, remitimos ao establecido e indicado na correspondente programación dos respectivos cursos. En canto aos contidos mínimos esixibles de 1º, 2º e 3º da ESO remitimos aos indicados na correspondente programación dos mencionados cursos.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Tamén se terán en conta as dificultades do alumnado que cursa portugués por primeira vez.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Algunhas das medidas concretas que se poderán aplicar, cando corresponda, e segundo o caso ou o diagnóstico

específico, son:

- Alumnado con TDAH: aplicación do Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Pedir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.
- Fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa.
- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.
- Supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

Para os alumnos con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola inspección educativa, o procedemento para a súa elaboración seguirá o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellaría.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Respecto pola diversidade cultural, étnica e lingüística	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.10 - Educación medioambiental	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias se van traballar os elementos transversais indicados na táboa anterior.

Dadas as peculiaridades da materia de Portugués, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas. O emprendemento social e empresarial é difícil de introducir con alumnado tan pequeno nunha lingua que estudan por primeira vez.

Todos estes temas vanse tratar nas diferentes lecturas ou audicións e visionados que se van realizar durante o curso, especialmente escollidas tanto dos medios de comunicación escritos como audiovisuais, e que traten temas da actualidade e de interese para o alumnado. Estes son algúns exemplos.

- Fomentaremos o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa e, sobre todo, por respectalas e valoralas.

- Achegarémonos ás desigualdades socioeconómicas a través de artigos de prensa e textos literarios que reflicten a situación en Portugal, que se contrastará con Galiza, pero tamén en Brasil e Angola.

- Traballaremos co rol da muller nas sociedades africanas, brasileiras, asiáticas (a través das provincias lusófonas de Goa e Macau) contrastando co rol que xoga en Europa.

- Fomentaremos o respecto ao medioambiente a través de vídeos que conciencien sobre a deforestación do Amazonas ou a contaminación en determinadas cidades lusófonas.

- Analizaremos as causas dos conflitos no mundo, sobre todo nos países da lusofonía, incidindo naqueles en que viviron máis recentemente guerras.

- Fomentaremos a creación de materiais nos que poidan expresar a súa creatividade artística ben en formato papel, dixital ou a través da expresión oral na aula ou cos gravacións.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas, conferencias ou visitas de autores para coñecer aspectos culturais do mundo lusófono	Imos aproveitar calquera persoeiro dun país da lusofonía que poida vir contarlles calquera aspecto importante sobre o seu país. Imos aproveitar cando veña algún escritor á Coruña, á facultade de filoloxía ou a outros foros para convidalo a vir ao centro. No caso de que non poidan achegarse, tentaremos nós mover os alumnos.	X	X	X
Posibilidade de realización dun Club de Lectura en lingua portuguesa	Con textos moi breves e adaptados ao nivel, como contos breves de Saramago (por exemplo "A maior flor do mundo", libros informativos básicos.	X	X	X
Celebración do 25 de abril, Revolução dos cravos	Empregarase esta data para reivindicar a democracia, a liberdade e a integración, uníndoa ás actividades do EDLG e da biblioteca.			X
Celebración das efemérides: Día da Língua portuguesa e Día de Camões e comunidade lusófonas	Lecturas na biblioteca, colaboración con outros centros de ensino e traer a alguén a falar sobre a lingua ou a literatura portuguesa serán algunhas das actividades previstas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As tarefas que se solicitarán trimestralmente tentarán ter relación coa temática do PDI das Viaxes que é o tema proposto desde a biblioteca para este curso na nosa escola.	Exposicións orais sobre lugares aos que viaxar, folletos, redacción de postais, léxico das viaxes, etc.	X	X	X

Observacións:

Se se puidesen realizar as actividades extraescolares tentaríamos organizalas fóra da aula, mais se non poden ser realizadas na aula, mediante actividades complementarias celebraremos especialmente efemérides que tamén se homenaxean en Portugal: 5 de outubro: Día da República, Natal, Pascua, 25 de abril: Revolução dos cravos, 6 de maio: Día da lingua portuguesa e 10 de junho: Día de Camões Portugal e das Comunidades Lusófonas.

No primeiro trimestre, porémonos en contacto con algún centro educativo do norte de Portugal, para valorar a posibilidade de realizar unha actividade complementaria: correspondencia postal ou intercambio de videos entre o alumnado dos dous pobos veciños.

Os obxectivos das actividades son os seguintes:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Favorecer o uso oral do portugués e, ao mesmo tempo, do galego.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura lusófonas.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura do ámbito lusófono.
- Achegarse de forma activa a obras básicas da literatura galega.
- Poñer en contacto o alumnado con manifestacións culturais variadas en portugués (teatro, música, cine etc.) e con persoas que poidan transmitirillo facilmente.

A realización das actividades dependerá dos recursos dos que dispoña o departamento e das posibilidades organizativas do centro, así como da disposición económica das familias no caso de asumir a saída.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.

Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua portuguesa habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, TIC, etc.).
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
Posibilitouse o contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.

Descrición:

A avaliación da programación, do proceso de ensino e da práctica docente valorárase do seguinte xeito: 1 (MOI POUCO), 2 (DE FORMA ACEPTABLE), 3 (BASTANTE) E 4 (MOITO)

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

- 1) O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2) Conseguiuse crear un contexto cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3) Conseguiuse motivar para conseguir desenvolver a actividade intelectual e física?
- 4) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5) Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
- 6) Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?

- 7) Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE?
- 8) Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE?
- 9) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 10) Usáronse distintos instrumentos de avaliación?

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

- 1) Danse explicacións suficientes para todo o alumnado.
- 2) Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.
- 4) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6) Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5) Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6) Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
- 7) Ofrécese ao alumnado nun tempo razoable os resultados das probas/exames, etc.?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto á modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 4.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co

correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
 3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
 4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
 5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
 6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
 7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
 8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
 9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
 10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
 11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
 12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
 13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.
- A avaliación da programación e do proceso de ensino valorárase do seguinte xeito: 1 (MOI POUCO), 2 (DE FORMA ACEPTABLE), 3 (BASTANTE) E 4 (MOITO).

9. Outros apartados